



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRECE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

**Expte: 2024/G007/000027**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos do día trece de agosto de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 433 de data 12 de agosto do 2024 e baixo a Presidencia da Tenente de Alcalde, dona Rosa Ana García López, pola ausencia xustificada do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, asisten os concelleiros don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste o interventor accidental don Senén Martínez Prieto.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.08.24 (ORDINARIA).-**

A tenente de alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 05.08.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2.- DEVOLUCIÓN DO AVAL BANCARIO REFERIDO AO EXPEDIENTE DE OBRA 75/2020 (2024/X002/000004).**

#### **“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL referente a devolución do aval bancario referido ao Expediente de Obra 75/2020 Expediente 2024/X002/000004**

Vista a Comunicación previa da obra de canalización da rede de telecomunicacións entre postes núm. 36 e 38 no Lugar de Taraza, Parroquia de Meirás do promotor Telefónica de España S.A.U. informada favorablemente polo Arquitecto técnico municipal en data 28 de xullo do 2022.

En virtude das condicións establecidas para a execución das obras referidas *nos tramos nos que as instalacións afecten a bens de dominio público municipal (estradas, beirarrúas, etc.), o firme afectado deberá ser repostado en condicións similares ao seu estado orixinal, polo cal se fixarán as oportunas garantías, que ascenden á cantidade de 3.682,49 €.*

Vista a solicitude formulada por Patricia León Rueda con D.N.I. núm. 72.477.652-Y en data 14 de marzo do 2024 con número de rexistro 202499900000433 en representación de Comfica Soluciones Integrales con C.I.F. núm. A80183916, sociedade anónima con facultades outorgadas por Telefónica de España S.A. con C.I.F. núm. A82018474 mediante escritura de poder número 4.336 de data 27 de novembro do 2019, a Providencia da Alcaldía de data 10 de abril do 2024 dispuxo o inicio do oportuno expediente administrativo e a emisión dos informes económicos e técnicos que foran precisos a tal efecto.



Así, de conformidade ao enunciado no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a Tesourería municipal informou en data 15 de abril do 2024 que *consultada a contabilidade do Concello de Valdoviño, consta depositado ante a Tesourería municipal aval bancaria referido ao Expediente de Obra 75/2020 para responder ás obrigas que puideran derivarse da execución dunha canalización baixo un camiño público municipal situado no Lugar de Taraza, Parroquia de Meirás por importe de TRES MIL SEIS CENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (3.682,49 €) en data 14 de outubro do 2022 (número de operación 320220000394).*

Cumprindo o disposto na Providencia de Alcaldía, a oficina técnica de obras e urbanismo do Concello de Valdoviño emite informe para facer constar que *o día 30.07.2024 realizase unha visita ao lugar das obras, podéndose comprobar o seguinte:*

- *No entorno das obras atopábanse amoreados entullos procedentes da escavación das gabias de canalización.*
- *Unha arqueta pertencente á rede de abastecemento de auga municipal, situada a escasa distancia da canalización, encontrábase sen tapa e rota.*

*Por todo o anterior o funcionario que asina este informe no seu estrito ámbito de competencias informa desfavorable a devolución do aval depositado, en tanto non sexan arranxadas as deficiencias descritas no apartado anterior, debéndose comunicar por parte da empresa a corrección de ditos defectos para realizar nova visita de comprobación.*

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

**Primeiro.-** Desestimar a solicitude de devolución do aval bancario asociado ao Expediente de Obra 75/2020 formulada por Comfica Soluciones Integrales con C.I.F. núm. A80183916, sociedade anónima con facultades outorgadas por Telefónica de España S.A. con C.I.F. núm. A82018474.

**Segundo.-** Requirir a Comfica Soluciones Integrales con C.I.F. núm. A80183916, sociedade anónima con facultades outorgadas por Telefónica de España S.A. con C.I.F. núm. A82018474 para arranxar os desperfectos e patoloxías detectadas pola Oficina técnica de obras e urbanismo do Concello de Valdoviño, según consta no informe emitido en data 30 de xullo do 2024, outorgando aos efectos oportunos o prazo de 1 mes.

**Terceiro.-** Notificar a Comfica Soluciones Integrales con C.I.F. núm. A80183916, sociedade anónima con facultades outorgadas por Telefónica de España S.A. con C.I.F. núm. A82018474 o acordo adoptado e copia electrónica auténtica do informe emitido pola oficina técnica de obras e urbanismo do Concello de Valdoviño aos efectos oportunos.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X002/000004).**



**3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB PRAIA DE PANTIN PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE LOCAL AOS EFECTOS DE SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO NO ANO 2024.**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB PRAIA DE PANTIN PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DA ENTIDADE LOCAL AOS EFECTOS DE SUFRAGAR OS GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO NO ANO 2024.**

A BOE 53ª VIII) das Bases para a execución do orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024 contempla a colaboración económica ca entidade CLUB PRAIA DE PANTÍN para a organización de actividades e eventos deportivos que implican a promoción turística do noso Concello e axudan ao desenvolvemento económico do mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 por importe de 10.000 €.

Consta no expediente 2024/A008/000020, a solicitude do CLUB PRAIA DE PANTÍN con C.I.F. núm. G70177910 e achega da documentación prevista na Base 53º VIII) das BEO do Concello de Valdoviño para o ano 2024.

Visto o informe elaborado pola intervención municipal núm. SMP 12/2024 de fiscalización previa da proposta de Alcaldía de aprobación do Convenio para regular a colaboración entre o Concello de Valdoviño e o CLUB PRAIA DE PANTIN aos efectos de sufragar gastos que deriven da organización do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2024 (Expediente 2024/A008/000020)

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

**PROPÓN**

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de sufragar os gastos que deriven da organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2024 establecemento os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce de seguido

***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CLUB PRAIA DE PANTIN PARA REGULAR A COLABORACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO AOS EFECTOS DE SUFRAGAR GASTOS QUE DERIVEN DA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO NO ANO 2024.***

***En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.***

**INTERVEÑEN**

*Dunha a parte, Alberto González Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED]  
Alcalde do Concello de Valdoviño, en nome e representación da entidade local.*

*Doutra parte, Marcos Rodríguez Blanco con D.N.I. núm. [REDACTED]*



Presidente do CLUB PRAIA DE PANTIN, en nome e presentación de este.

### **MANIFESTAN**

Ámbolos dous interveñen en representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñecéndose reciprocamente as partes intervintes a necesaria capacidade xurídica e lexitimación para convir e subscribir o presente convenio, conforme as seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **Primeira.- OBXETO E PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO.**

É obxecto do presente convenio fixar un marco de colaboración económica entre o Concello de Valdoviño e o CLUB PRAIA DE PANTIN para sufragar gastos que deriven da organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2024.

A duración do Convenio esténdese ata a finalización do prazo de xustificación da axuda, finalizado sempre antes do remate do 31 de decembro do 2024.

#### **Segunda.- CONTRIBUCIÓN ECONÓMICA, APOIO LOXÍSTICO E ORGANIZATIVO.**

Conforme a Base 53<sup>a</sup> das Bases de Execución do Orzamento municipal do Concello de Valdoviño para o ano 2024, a entidade local comprométese a axudar economicamente ao CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración da competición deportiva 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2024.

Así, establécese unha axuda de 10.000 € a favor do CLUB PRAIA DE PANTIN con cargo á aplicación orzamentaria 341.48900 que a entidade debe destinar única e exclusivamente ao financiamento dos gastos correntes que orixine a organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2024.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas que poida percibir o beneficiario superen o custo da actividade a desenvolver.

Ademais desta axuda o Concello comprométese; a permitir o uso da praia así coma o do aparcadoiro da mesma para a celebración da proba deportiva, e autorizar o uso dos espazos para a xestión do resto do evento (previa concesión do título habilitante necesario para o que o solicitante deberá presentar toda a documentación requirida); a sufragar parte dos gastos de publicidade, transporte, montaxe e subministro eléctrico de infraestruturas vinculadas ao evento deportivo e de responsabilidade municipal, transporte e aluguer de colectores de lixo, xestión de saneamento e auga, así coma a cesión e limpeza previa dos espazos destinados a aparcadoiro para o evento, a prestación do servizo de socorrismo para o uso dos bañistas e usuarios da praia nos días do evento; a cesión das instalacións do Concello de Valdoviño na praia de Pantín. Igualmente colaborarase co apoio de efectivos de seguridade, extinción de incendios e de Protección Civil, así coma persoal municipal que sexa necesario para a xestión e celebración do evento.

#### **Terceira.- DOCUMENTACIÓN.**



*Para a plena efectividade do presente Convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:*

- a) *Acreditación da personalidade do beneficiario mediante copia da Tarxeta acreditativa do Número de Identificación Fiscal expedida pola Axencia Tributaria.*
- b) *Acreditación da personalidade do representante do CLUB PRAIA DE PANTIN mediante a presentación do Documento Nacional de Identidade.*
- c) *Copia do documento constitutivo e estatutos do CLUB PRAIA DE PANTIN, así como certificación acreditativa dos cargos do referido club.*
- d) *Memoria explicativa das actividades e orzamento e memoria dos gastos do CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2024.*
- e) *Declaración xurada ou Certificado de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.*
- f) *Declaración xurada de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.*
- g) *Certificado dos datos bancarios do CLUB PRAIA DE PANTIN.*

*En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura do presente Convenio.*

#### **Cuarta.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.**

- a) *Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización segundo as condicións establecidas no presente convenio. Ditas condicións enmárcanse na Declaración institucional aprobada polo Pleno deste Concello en relación ao evento Pantín Classic Galicia Pro, así coma no documento emitido ao Club Praia de Pantín por este Concello con data 9/08/2019.*
- b) *En toda a publicidade que realicen para a promoción de dito evento debe figurar en lugar perfectamente visible e preferente o escudo do Concello de Valdoviño coas mesmas dimensións, lugares e soportes que o resto de administracións ou programas públicos que colaboren no mesmo, aos efectos de que conste a colaboración prestada. Igualmente o nome do evento figurará en todo soporte publicitario ou de promoción coas mesmas dimensións e de xeito unitario coma recoñecemento da festa de interese turístico de Galicia segundo o Acordo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de maio de 2016, por el que se declara festa de interese turístico de Galicia o Pantín Classic Galicia Pro no Concello de Valdoviño.*
- c) *Xustificar ante o Concello de Valdoviño o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e da finalidade que determina a concesión da subvención no prazo de tres meses dende a notificación da concesión ou ingreso efectivo do importe prepagable da axuda, ou antes do remate do ano 2024 previa solicitude motivada do beneficiario. Admítese a posibilidade de subcontratar a totalidade dos traballos que derivan da organización e celebración do dito evento deportivo, pero non poderá concertarse polo beneficiario a execución total ou parcial de actividades subvencionadas con persoas que estean non seguintes supostos;*
  - *As persoas ou empresas implicadas en calquera das prohibicións para ser beneficiario de axudas públicas.*
  - *As persoas ou entidades que recibisen outras subvencións para a realización da actividade contratada.*



- *Intermediarios ou consultores cando o pago sexa definido como porcentaxe do custo total da operación, a menos que este pago sexa xustificado con referencia ao valor do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
  - *As persoas ou entidades vinculadas ao beneficiario.*
- d) *Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio das ditas actuacións.*
  - e) *Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
  - f) *Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
  - g) *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.*
  - h) *Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 LXS.*

#### **Quinta.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

*O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para tal efecto polo beneficiario, o unha vez asinado o convenio e ao tratarse de subvención prepagable antes da xustificación da subvención polo ente beneficiario, sen que se requira constitución de aval algún ao beneficiario en garantía do dito anticipo.*

*Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a xustificación antes do 31 de decembro de 2024.*

*O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir e debera procederse ao reintegro dos importes non xustificadas.*

*Para a xustificación das cantidades asignadas deste convenio, deberá presentarse a seguinte documentación:*

- a) *Certificación que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención, presentando algún tipo de proba.*
- b) *Certificación que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, ou, polo contrario, onde conste unha relación detallada doutras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade.*
- c) *Certificados emitidos pola AEAT, Xunta de Galicia e Seguridade Social na que se acredite estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- d) *Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola realización das actividades obxecto da subvención que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e da data máxima de presentación da xustificación, no suposto de que se presenten copias compulsadas, previamente á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal no que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha axuda outorgada polo Concello de Valdoviño. As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polo Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro polo que se regulan as*



*obrigas de facturación e os conceptos das mesmas deberán especificar claramente que se refiren a gastos específicos derivados da organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO do ano 2024.*

*Achegaranse tamén xustificantes de transferencias bancarias aos provedores, co selo da entidade financeira, aos efectos de que quede acreditado a efectividade dos pagamentos sempre que non teñan código de verificación.*

- e) Acreditación de ter dado publicidade a colaboración económica do concello ben por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.*
- f) Memoria da actuación (firmada en todas as follas) suscrita polo representante legal do CLUB PRAIA DE PANTIN xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos e relación clasificada dos gastos realizados nos que se indiquen acredores co seu NIF, os documentos xustificativos dos importes e no seu caso das datas de pagamento, indicando as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula terceira.*

*No caso das subvencións prepagable, a falta de presentación da documentación xustificativa en prazo, ou presentación de documentación incorrecta, inadecuada ou insuficiente, será posta de manifesto ao interesado para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a un mes, subsane as deficiencias atopadas, transcorrido o cal, sen recibirse esta, procederas á incoación do expediente de reintegro. Este expediente poderá ser polo importe total, no caso de non xustificarse a realización de ningún gasto, de xustificarse inadecuadamente. Tamén poderá ser parcial, no caso de que polo órgano competente se considere que queda acreditada a realización da actividade, pero non se xustificaran gastos en contía que acade o importe subvencionado.*

#### **Sexta.- INCUMPRIMENTO.**

*No caso de que o beneficiario do presente convenio non acredite fidedignamente o cumprimento da finalidade deste, ou non realice o obxecto que determina a concesión da axuda, procederá o reintegro do importe anticipado.*

#### **Sétima.- NATUREZA DO CONVENIO.**

*O presente convenio ten natureza administrativa. Os acordos que se adopten en base ao mesmo porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante xurisdición contencioso-administrativa.*

#### **Oitava.- CONTROL EXTERNO.**

*De acordo co disposto na Lei 6/85 de 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, o Clube Praia de Pantín queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o dito órgano de control externo, en no seu caso segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982 de 12 de maio aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas.*

#### **Novena.- INTERPRETACIÓN.**

*Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución o obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto*



887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

***E en proba da súa conformidade asinan dixitalmente o presente convenio o Alcalde, Alberto González Fernández e o representante do CLUB PRAIA DE PANTIN, na data indicada a marxe.***

**Segundo.-** Dispoñer o crédito e recoñecer a obriga do 100% da subvención prepagable concedida ao CLUB PRAIA DE PANTIN para a organización e celebración do 37 ABANCA PANTIN CLASSIC GALICIA PRO no ano 2024 que se imputará a aplicación orzamentaria do estado de gastos 341.48900 do orzamento municipal vixente.

**Terceiro.-** Dar conta deste acordo ao CLUB PRAIA DE PANTIN e requirirille para que compareza o seu representante coa documentación que se establece no propio convenio para asinar o mesmo.

**Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A008/000020).**

**4.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AS PONTES, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, NARÓN, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA (Expediente 2024/A006/000015)**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AS PONTES, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, NARÓN, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA**

Vista a base número 53ª A) I) 4 das bases de execución do orzamento do ano 2024 na que se contemplan unha serie de achegas anuais a realizar polo Concello de Valdoviño como membro de asociación segundo cotas aprobadas polos respectivos órganos de goberno:

Aplicación orzamentaria	Entidade	Importe (€)
931.46200	Centro de Transformación Agroalimentaria A Fusquenlla	6.200,00 €

Visto o informe elaborado pola Secretaria Municipal.

Visto o informe elaborado pola intervención accidental nº SMP 11/2024 de data 08/08/2024, de fiscalización previa da proposta, na que deixa constancia da existencia de crédito e dunha serie de defectos e/ou observacións.





En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

## PROPÓN

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración que se acompaña aos efectos de executar a xestión compartida do centro comercial de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural da A Fusquenlla, establecendo os dereitos e obrigas das partes e que se reproduce a continuación:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AS PONTES, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, NARÓN, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO COMARCAL DE APOIO AO EMPRENDEMENTO E AO DESENVOLVEMENTO RURAL DE A FUSQUENLLA.**

### REUNIDOS

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cerdido, Alberto Rey Paz con NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cedeira, Pablo Moreda Gil NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, a Alcaldesa do Concello de Moeche, Beatriz Bascoy Maceiras , con NIF 32776 404 R, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcaldesa do Concello de Narón, Marián Ferreiro Díaz con NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, a concelleira do Concello das Pontes, Elena López Seco, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de San Sadurniño, Secundino García Casal con NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Doutra parte, o Alcalde do Concello de Valdoviño, Alberto González Fernández, con NIF -----, en nome e representación do referido concello.*

*Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).*

*Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do centro comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla.*

### EXPOÑEN

*-O Concello de Moeche é propietario dunha nave sita no Recinto Ferial San Ramón s/n (antiga nave dos queixos), segundo consta no certificado do inventario municipal deste Concello.*

*-Os Concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño veñen despregando dende o ano 2018 a xestión compartida de dito centro*



mediante a asunción por partes iguais dos gastos de mantemento do mesmo e o desenvolvemento de actividades de formación e axuda á transformación de produtos agrícolas a pequenos produtores, dentro dunha estratexia de promoción agroalimentaria e desenvolvemento rural, así como xestionando subvencións para a dotación do citado centro e a ampliación dos seus servizos, sendo intención destes catro Concellos (promotores) a formalización dun sistema de colaboración e regulación desta actuación conxunta, abrindo a posibilidade de participar na citada estratexia a outros Concellos interesados, ben dende o inicio mediante a sinatura do presente Convenio, ben mediante a adhesión futura ao mesmo.

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre si mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos intervincentes fundamentan o presente Convenio dentro da competencia de participación na formación de activos e desempregados (artigo 80.2.p) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia), o fomento das estruturas agrarias e a prestación de servizos de interese público agrario (artigo 86.1.h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia) e as competencias do artigo 25.2.j) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local (protección da salubridade pública).

Por todo o sinalado, coa finalidade de manter o funcionamento e desenvolver as citadas competencias en referencia ao Centro Comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla, o/as alcaldes/a asinantes subscriben este convenio en base ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.-Obxecto**

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do Centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural de A Fusquenlla, sito no Recinto Ferial San Ramón s/n (antiga nave dos queixos) de Moeche.

### **Segunda.-Forma de xestión**

O servizo do Centro de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento



rural de A Fusquenlla prestarase mediante calquera dos sistemas de xestión, directa ou indirecta, previstos na normativa local.

A xestión indirecta conlevará necesariamente un expediente de contratación e licitación pública.

### **Terceira.-Entidade contratante e representante**

Todo procedemento de contratación, tramitación de subvención e/ou calquera outro procedemento administrativo será administrado polo Concello de Moeche en nome e por conta dos Concellos conveniados, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Moeche, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

A solicitude de calquera subvención ou axuda, así como a realización de investimentos que implique unha aportación extraordinaria de fondos propios dos Concellos participantes deberá ser aprobada pola Comisión de Seguemento por maioría simple dos membros presentes, entre os que deben atoparse sempre os Concellos impulsores da iniciativa (Moeche, Cerdido, Valdoviño e San Sadurniño). No seu cumprimento, polos Concellos emitirase unha certificación de retención de crédito ou compromiso de aportación con cargo a orzamentos futuros a efecto da tramitación da correspondente subvención ou investimento.

### **Cuarta.- Regulamento**

O Concello de Moeche aprobará un regulamento de uso do Centro Comarcal. A Ordenanza Fiscal é a aprobada polo Concello de Moeche e publicada no BOP da Coruña número 89 do 11.05.2023 (modificada BOP 179 de 19.09.2023).

A aprobación do regulamento ou calquera modificación substancial do Regulamento ou ordenanza fiscal que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes e sometido á Comisión de Seguemento.

### **Quinta.-Obrigas económicas**

5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en partes iguais, descontada a financiación obtida por medio das taxas reguladas na Ordenanza Fiscal antes indicada e as aportacións vía subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que se obteñan. A aportación de cada Concello virá dada por:

Custo de mantemento anual – ingresos por taxas de utilización – subvencións/número de Concellos participantes

5.2.-A liquidación ordinaria anual deberá ser notificada polo Concello de Moeche aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde, dentro dos primeiros dous meses de cada ano natural, referido aos custos do exercicio anterior.

O ingreso da contía deberá facerse efectiva polos Concellos participantes



*antes da finalización do primeiro trimestre natural do ano en que se reciba a liquidación.*

*5.3.- As aportacións extraordinarias derivadas das situacións indicadas na cláusula Terceira in fine serán liquidadas polo Concello de Moeche aos restantes Concellos no momento de adxudicación do contrato correspondente (obras, suministro...), debendo facerse efectivas dentro do mes seguinte á recepción da notificación para poder asegurar ao Concello de Moeche a liquidez que lle permita o cumprimento dos prazos da Lei 3/2004, de Morosidade.*

#### **Sexta.-Incumprimento de obrigas.**

*6.1.-O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Moeche as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a obriga automática de transferir ao Concello de Moeche os xuros de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Moeche por mor do dito incumprimento.*

*6.2.-O retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumpridor; estando obrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da aportación correspondente á débeda existente e ao ano en curso. O Concello de Moeche notificará este feito ao resto dos concellos asinantes.*

*6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Moeche nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán obrigados a aportar a partes iguais a cota deixada de pagar; sen prexuízo de que unha vez recadado o importe adebedado poida compensarse a contía aboada coa liquidación ordinaria seguinte.*

#### **Sétima.-Comisión de seguemento.**

*Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguemento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, ou concelleiros/as en que deleguen, asistidos, no seu caso, do/as respectivoa/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos. As funcións desta Comisión serán as seguintes:*

- Avaliación dos resultados de execución do convenio*
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio - Resolución de problemas de execución do convenio*
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que poidan rexer a contratación do servizo, así como as modificacións contractuais que supoñan elevación do custe económico*
- Estudo da proposta de regulamento e modificación de regulamento e/ou ordenanza fiscal*
- Avaliación das solicitudes de adhesión doutros Concellos*
- Aprobación de aportacións extraordinarias*

#### **Oitava.-Duración e entrada en vigor.**



8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase coa desaparición do seu obxecto. O prazo de vixencia será de 4 anos, ampliables por unha única prórroga de 4 anos máis.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acreedor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Moeche.

#### **Novena.- Réxime de adhesión e separación**

9.1. Poderán adherirse ao presente Convenio os Concellos interesados mediante solicitude dirixida ao Concello de Moeche, que remitirá a mesma á Comisión de Seguemento para o seu estudo. Admitida pola Comisión de Seguemento a solicitude, todos os Concellos participantes asinarán a adenda pola que se incluírá ao Concello interesado. A adhesión de calquera Concello terá efectos o día 1 de xaneiro do ano natural seguinte ao da sinatura da adenda, entrando en igualdade de obrigas económicas que os restantes asinantes, incluídas as aportacións correspondentes a aportacións extraordinarias que foran acordadas con anterioridade con carácter plurianual.

9.2. No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio, deberán comunicalo antes do 30 de novembro ao Concello de Moeche, causando efectos no exercicio seguinte a dita comunicación, e mantendo as obrigas correspondentes ao ano de formalización da separación.

**Disposición adicional primeira.-**Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e Valdoviño o “Convenio de colaboración interadministrativa para o apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento local” de data 29.11.2018 e as súas posteriores modificacións.

#### **ANEXO – EVOLUCIÓN E PREVISIÓN ECONÓMICA**

As liquidacións dos últimos tres anos arroxaron o seguinte importe a repartir entre os Concellos participantes (cláusula quinta):

- Exercicios 2020 e 2021 (liquidados conxuntamente): 25.648,84€

- Exercicio 2022: 12.382,00€

a) Aportación exercicios 2020 e 2021 por cada Concello: 6.412,21€

b) Aportación exercicio 2022 por cada Concello: 3.095,50€

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto a día de hoxe unha vez se dea inicio ao expediente da xestión compartida do centro comarcal de apoio ao emprendemento e ao desenvolvemento rural para sufragar os gastos de soportados durante o ano 2024.

**TERCEIRO.-** Dar conta deste ao Concello de Moeche toda vez que é a entidade encargada de todo procedemento de contratación, tramitación de subvención e/ou calquera outro procedemento administrativo ao abeiro da cláusula terceira do referido convenio de colaboración.



En Valdoviño, asinado na data indicada á marxe  
O alcalde,

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A006/000015).**

**5.- APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS 2º E 3º DA OBRA REPARACIÓN E MELORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA E AS CORRESPONDENTES FACTURAS,**

**“APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA**

Vista a certificación de obra n.º 2 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño, asinadas pola dirección de obra o 3 de xuño de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 04/06/2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 4 de xuño de 2024 por importe de 15.179,22 euros.

Vista a certificación de obra n.º 3 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño, asinadas pola dirección de obra o 2 de xullo de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 3/07/2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 3 de xullo de 2024 por importe de 674,80 euros.

Visto o informe emitido pola intervención municipal.

A Alcaldía de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, pola presente

**PROPONSE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a certificación de obra n.º 2 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 15.179,22 euros e a correspondente factura n.º FE24 58 de data 04/06/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 04/06/2024.

**SEGUNDO.-** Aprobar a certificación de obra n.º 3 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 674,80 euros e a correspondente factura n.º FE24 72 de data 3/07/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 03/07/2024.

**TERCEIRO.-** De conformidade disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obra, así como



recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n. 2 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” deberán descontárselle 316,26 euros pola dirección e inspección de obra e 105,42 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

E analogamente á certificación número 3: *Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” deberán descontárselle 14,06 euros pola dirección e inspección de obra e 4,69 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

**CUARTO.-** Ordear o pagamento da certificación de obra nº 2 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 15.179,22 euros e a correspondente factura nº FE24 58 de data 04/06/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 04/06/2024 unha vez descontados os importes das taxas por dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Ordear o pagamento da certificación de obra nº 3 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 674,80 euros e a correspondente factura nº FE24 72 de data 3/07/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 03/07/2024 unha vez descontados os importes das taxas por dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X002/000004).**

**6º.- LICENCIA DE OBRA MAIOR NÚM. 08/2022 PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO LUGAR DE MEITUFE, PARROQUIA DE VALDOVIÑO (Expediente 2022/U022/000004)**

**“PROPUESTA DE LA ALCALDÍA DE LICENCIA DE OBRA MAYOR.**

**Expte: 08/2022. Tedec: 2022/U022/000004**

**.- Expte. de obras 08/2022.- [REDACTED] -** Para las obras de construción de vivenda unifamiliar aislada en el lugar de Meitufe, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº. 9784919NJ6298S0001DI)

Se adjunta la siguiente documentación:



- Proyecto Básico de vivienda unifamiliar redactado por el arquitecto Carlos Centenera Baños, aportado el 21/01/2022 y visado el 30/12/2021.
- Documentación complementaria redactada por el mismo arquitecto aportada el 11/08/2022 (Memoria urbanística, planos A-01, A-03, A-04).
- Proyecto Básico reformado y de Ejecución de vivienda unifamiliar redactado por el mismo arquitecto, aportado el 17/07/2023 y visado el 14/07/2023 (sustituye a toda la documentación anterior).
- Documentación complementaria redactada por el mismo arquitecto aportada el 27/10/2023 y visada 27/10/2023 (Cumplimiento DB-SI y planos A-01, A-02 y A-04).
- Documentación complementaria redactada por el mismo arquitecto aportada el 17/06/2024 y visada 05/06/2024 (Planos A-01, A-04 y A-04.2 (sustituyen a los aportados el 27/10/2023)).
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nombre de Carlos Centenera Baños aportado el 17/06/2024 y visado por el correspondiente colegio el 17/01/2022 y Oficio de Dirección de Ejecución de la obra de arquitecto técnico y Coordinador de Seguridad y salud a nombre de D. Antonio José Suárez Vilar aportados el 08/08/2024 y visado por el correspondiente colegio el 06/08/2024.

La parcela donde se pretenden realizar dichas obras se corresponde con la parcela FR-01 del proyecto de parcelación (Expediente nº 05/2011), a nombre de María Serafina Pardo Rodríguez (en representación propia y de sus hermanos), el cual obtuvo la preceptiva licencia municipal por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 21/11/2021.

Este expediente está relacionado con el expediente de obra nº. 130/2023 (Comunicación previa 2023/U026/000129) de legalización de movimientos de tierra (incluye cierre linde este y sur) con informe técnico favorable de 03/07/2024.

Según las Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adelante NNSSPP), en vigor en este Ayuntamiento, la parcela en la que se proyecta la obra se encuentra situada en suelo clasificado y cualificado, como **SUELO URBANO, ZONA DE USO RURAL Y SUELO NO URBANIZABLE (Común)**.

Considerando que la documentación que se aporta al expediente es conforme y completa, según el informe do arquitecto municipal de fecha 08/08/202Y que se emite en sentido **FAVORABLE**

Y visto informe jurídico de la Secretaria municipal de fecha 08/08/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso de las competencias atribuidas por el art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, propone a la Junta de Gobierno Local a adopción de los siguientes **ACUERDOS**:

**Primero.-** Conceder a [REDACTED] la **licencia municipal de obras para la construcción de vivienda unifamiliar aislada)** situada en el lugar de de **Meitufe**, parroquia de **Valdoviño** (referencia catastral nº. **9784919NJ6298S0001DI**)





La licencia se otorga salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de terceros.

**Segundo.-** Las obras se ajustarán a la documentación técnica aportada y firmada por el arquitecto Ignacio Carlos Centenera Baños y las condiciones señaladas en el informe del arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIONES DE LA LICENCIA) de fecha 08 de agosto de 2024, debiendo trasladarse dichas condiciones al promotor del expediente en debida forma, junto con la licencia municipal.

**Tercero.-** Aprobar la liquidación provisional de las obras, según la hoja de valoración que consta en el expediente y consiguiente desglose: **Taxa 948,48 €, ICIO.- 4.363,03 €, garantía de la obra de urbanización 5.291,23 €.**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/U022/000004).**

#### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e por orde do sr. Alcalde, a Tenente de Alcalde, Rosa Ana García López/*